

ROSALÍA É MUND\AL

TRADUCCIÓN DE POEMAS DE “CANTARES GALLEGOS” ÁS LINGUAS DO MUNDO

“AIRIÑOS, AIRIÑOS, AIRES” EN XAPONÉS

*Airiños, airiños, aires,
airiños da miña terra,
airiños, airiños, aires,
airiños levaima a ela.*

Non permitás que aquí morra,
airiños da miña terra,
que inda penso que de morta
hei de sospirar por ela.
Aínda penso, airiños, aires,
que dimpois de morta sea
e aló polo campo santo,
donde enterrada me teñan,
pasés na calada noite
runxindo antre a folla seca,
ou murmurando medrosos
antre as brancas calaveras;
inda dimpois de mortíña,
airiños da miña terra,
Heivos de berrar: “ ¡Airiños,
airiños, levaima a ela!

Tradución ao xaponés de
TAKEKAZU ASAKA



「そよ風さん、そよ風さん
私の故郷のそよ風さん、
そよ風さん、そよ風さん、
私を故郷に運んでください、そよ風さん。」

ここで私を死なせてはくれない、
私の故郷のそよ風さん、
死んでしまっても
私は故郷を思い焦がれる。
風よ、そよ風さん、
死んでしまった後、
それから彼方の墓地に、
私は葬られてしまう、
静かな夜を、そよ風たちは
乾いた葉のあいだで唸りながら、
それとも白い髑髏のあいだで
怖がってザワザワと音を立てながら過
す・・・

死んだ後でもなお、
私は故郷のよそ風に、
叫ぶだろう、「そよ風よ、
そよ風よ、私を故郷に運んでください!」